

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de abril de 2021**

Ás 18.08 horas do día 22 de abril de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339715>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión, aclara a pregunta da comisión do mes anterior relativa ao balneario no Pazo Provincial. Indica que houbo novidades e onte, tras largos trámites burocráticos, se iniciou a prospección para comprobar que hai caudal suficiente para o edificio termal no edificio do Pazo Provincial. Tamén se encargou un anteproxecto para a conversión do edificio no hotel-balneario no futuro. Hai que esperar o resultado da prospección e teríamos uns dos mellores balnearios de Europa no centro da capitalidade da provincia de Ourense. Xa se preguntou sobre este tema noutras comisións.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, sinala que está de acordo en que o mellor lugar de Ourense para un balneario sería a Deputación. Para ela é un gran paso, e indica que ogallá sexa unha realidade o máis pronto posible porque considera que será moi beneficioso para a nosa provincia.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica a súa opinión sobre este tema e sinala que o edificio do cárcere, que está a caer, sería o lugar óptimo pola súa situación para esta finalidade. Sobre o balneario de Verán, o vello e o novo, con fondos da Deputación, agora estamos arranxando o vello. Pregunta se temos novas e se se van abrir este verán estes espazos ou non.

A presidenta da comisión, indica que toma nota e aclara que cre que só está aberto Laías, o resto están á espera do avance da pandemia. Respecto a Verín, xa lle respondera.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pregunta pola incidencia da lexislación de termalismo da Xunta de Galicia aprobada en 2019. Di que se podería elaborar un informe ao respecto. Hai moitas vertentes e non ten claro que algo que levaba funcionando desde hai 2.000 anos, dende o tempo dos romanos, se lexislou, e a lexislación no pode privar o que estaba funcionando. Preocúpalle este aspecto. Haberá que ver a incidencia desta lexislación nas augas termais da provincia de Ourense. Engade que é imposible que en Bande se poidan

baleirar as termas cada tres horas. Sinala que se podía facer un informe da incidencia desta normativa nos distintos espazos termais das provincia.

A presidenta da comisión, indica que en agosto de 2019 cando se constituíu a rede provincial de concellos termais, veu o conselleiro a falar do anteproxecto. Houbo reunións. Finaliza sinalando que recolle o rogo ao respecto.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, incide no mesmo. Na afectación da posta en vigor desta nova Lei de espazos lúdicos termais. Engade que sería bo que a Deputación instase a unha análise polo miúdo desa lexislación feita desde uns despachos. Nesas pozas non consta que se teñan dado enfermidades cutáneas. Todo ao contrario, os médicos din que son beneficiosas. Pódese afectar a economía dos lugares onde se atopan. A Xunta terá que facer unha normativa máis pensada.

A presidenta da comisión sinala que o obxecto da Lei era velar pola salubridade e hixiene destes aproveitamentos lúdicos. A área de Benestar púxose a disposición para todo o que faga falla. Recolle o comentado.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta se xa se reuniu o consello do Colexio Profesional de Enxeñeiros informáticos para levar a cabo a constitución do observatorio tecnolóxico de turismo, previsto para o primeiro cuadrimestre deste ano. E se é así cal é o plan a seguir.

A presidenta da comisión sinala que aínda non lle comunicaron nada. Entende que aínda non se reuniron. Destaca que estamos aínda dentro do primeiro cuadrimestre, restan uns días. Na próxima comisión xa teremos información e trasladaremos todo o que saibamos.

E, ás 18.17 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.